



Concello de Castrelo de Miño

Expediente núm.: 534/2020

Procedemento: Autorización e colaboración para a celebración da Regata clasificatoria de windsurf – Copa Deputación de Ourense de Vela 2020

NOTIFICACIÓN

Mediante o presente notifícaselle a Resolución de Alcaldía de data 29 de xullo de 2020, co tenor literal seguinte:

«Vista a solicitude achegada no rexistro xeral do Concello con data 17 de xullo de 2020 e número de rexistro 1120, polo Club Náutico Castrelo de Miño, interesando a colaboración do Concello para a celebración da Regata clasificatoria de windsurf – Copa Deputación de Ourense de Vela 2020.

Considerando a importancia que para a imaxe do Concello de Castrelo de Miño ten a promoción e realización de actividades deportivas, en particular as de índole acuática.

Examinada a documentación que a acompaña, e de conformidade co establecido no artigo 21.1.q) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local,

RESOLVO

PRIMEIRO. Autorizar a reserva de uso do dominio público municipal para aparcamento de vehículos dos participantes na proba deportiva no espazo comprendido entre a nave do Concello e a torre de control.

SEGUNDO. Autorizar o uso dos vestiarios e aseos da Piscina Municipal, debendo proceder ao remate da proba deportiva a súa limpeza e desinfección por parte do Club Náutico Castrelo de Miño.

TERCEIRO. Autorizar a colocación de lonas e banderolas publicitarias dos patrocinadores do Club e colaboradores da proba nas instalacións municipais do Parque Náutico durante os días da celebración do evento.

CUARTO. Todo o espazo municipal reservado para a celebración da proba deberá quedar libre ao remate da mesma e en perfecto estado. A tal fin o Club Náutico Castrelo de Miño deberá achegar no rexistro xeral do Concello, con carácter previo a ocupación do espazo municipal o correspondente seguro de responsabilidade civil polos danos ou desperfectos que se puidesen ocasionar con motivo da realización da proba.

QUINTO. Notificar a presente Resolución ao interesado, con indicación dos recursos pertinentes»

Contra a Resolución que pon fin á vía administrativa, pode interpor alternativamente recurso de reposición potestativo ante a Alcaldía deste Concello, no prazo dun mes, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e computándose os prazos de conformidade co establecido na Disposición adicional décimo quinta da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014; ou ben interpor directamente recurso contencioso-administrativo, ante Xulgado Contencioso Administrativo de Ourense no prazo de dous meses, a contar desde a práctica da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se se optase por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpor Vde. calquera outro recurso que puidese estimar máis conveniente ao seu dereito.

Castrelo de Miño, 29 de xullo de 2020

Por orde do Alcalde
A Secretaria-Interventora,

Marta Izquierdo Gamallo





Concello de Castrelo de Miño

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

